


3. Os ríos.

Os ríos son **correntes de auga continua** con máis ou menos **caudal** que vai **desembocar** noutro río (neste caso sería **afluente**), nun lago, nun mar ou nun océano.

- ✓ O terreo polo que flúe un río chámase **leito**.
- ✓ A cantidade de auga que leva o río é o **caudal**.
- ✓ O percorrido dun río desde o seu nacemento ata a súa desembocadura recibe o nome de **curso** e divídese en tres tramos:
 - **Curso alto**. É o percorrido do río no seu nacemento.
 - **Curso medio**. É o tramo intermedio do río, ao seu paso polas terras chás.
 - **Curso baixo**. É o final do percorrido do río.



Conceptos relacionados:

- ✓ **Cauce:** leito por onde discorre a auga dun río .
- ✓ **Conca:** territorio percorrido polas augas dun río e os seus afluentes. P.ex: O río Sil pertence á conca do Miño.
- ✓ **Vertente:** lugar ou zona cara a cal discorre un río, normalmente un mar ou océano.P.ex: o río Ulla discorre cara a vertente atlántica.



4. Ríos de España.

Os ríos de España son moi variados:

- ✓ Os máis longos son os que nacen en montañas afastadas do mar como o Tago e o Douro.
- ✓ Os ríos que nacen en montañas próximas ao mar son curtos como o Nervión e o Nalón.
- ✓ Os ríos que circulan por zonas onde chove moito teñen moito caudal como o Ebro e o Miño.
- ✓ Os ríos que pasan por zonas pouco chuviosas son pouco caudalosos e sofren estiaxes no verán como o Turia e o Segura.




Vertente Atlántica



Vertente Cantábrica



Vertente Mediterránea



5. Ríos de Galicia

En xeral, os ríos de Galicia teñen un **caudal abundante e regular**:

- ✓ O río máis importante da Comunidade é o **Miño**. O seu principal afluente é o **Sil**.
- ✓ Outros ríos destacados son: o **Eume**, o **Tambre** e o **Ulla**.
- ✓ Os principais ríos galegos **desembocan no océano Atlántico ou no mar Cantábrico**

